

██████████, con DNI ██████████ en calidade de directora da Residencia para maiores “Raiola San Marcos”, con nº de centro: E-7008 C-3, en relación a acta de inspección nº A-329/2025 do 03/04/2025:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- En canto ás instalacións e o equipamento:
Procedeuse a reparación da pintura do chan do soto onde se atopan os vestiarios cara a cociña. Deste xeito damos cumprimento ó descrito na acta.

(Anexo 1: adxunto fotografía)

- En canto ao persoal:

- 1) **En relación o persoal de ATS/DUE** no centro, segundo indica a propia acta de inspección a residencia Raiola San Marcos conta cos seguintes profesionais:

DNI/NIE	NOME	CATEGORIA LABORAL	XORNADA	RATIO
*****204C	OFL	DUE	COMPLETA	1,00
*****122G	AGR	DUE	60% XORNADA/MINIMO	0,60
*****031X	MCJL	DUE	COMPLETA	1,00
				2,60

Segundo o listado Barthel actualizado tras cotexo coa inspección segundo os datos aportados do SIGAAD, tendo en conta a ocupación actual, corresponde **unha ratio de persoal enfermeiro/a** a xornada completa de **2,57** (**43***0,02 + **57***0,03).

(Anexo 2: Listado Barthel actualizado)

Indicar que AGR (DUE), dende o 13/10/2023 veu desenvolvendo a súa labor a xornada completa con contrato indefinido; a partir do 24/03/2025 por solicitude e vontade propia pasa a prestar servizos como enfermeiro de xeito autónomo co cal se asina un contrato de duración de 1 ano e renovable tacitamente, en función das necesidades do centro en cada momento.

(Anexo3 : Contrato AGR e nóminas Xaneiro/Febreiro/Marzo 2025)

De acordo co exposto, o centro ata o 23/03/2025 contaba co DUE AGR contratado como indefinido por conta allea en Raiola San Marcos a xornada completa sendo por tanto a ratio de **3,00** ata esa data.

A partir do 24/3 por data de contrato (por quenda que lle corresponde entra a traballar mais adiante), e tendo en conta a ocupación actual e a situación do DUE AGR o día de inspección ,a ratio é de **2,60** como se plasma no recadro de arriba, polo tanto, **se está a cumprir o ratio** de persoal enfermeiro/a establecido na normativa de aplicación vixente “*ORDE do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que*

deben cumplir os centros de atención a persoas Maiores”; entendendo unha errata no parágrafo descrito en acta que fai referencia a acreditación de persoal DUE as 24 horas do día.

- 2) En relación a este punto, o traballador AGR (DUE) consta como autónomo a partir do 24/03/2025 que é cando se asina o contrato de prestación de servizo. **(Anexo 4: contrato Prestación Servizo enfermaría)**

Tamén se adxunta a única factura existente ata a fecha da prestación de servizo correspondente os últimos días de marzo de 2025. **(Anexo 5: Factura AGR e xustificante de pago)**

Ao que respecta o servizo de **fisioterapia**, axuntase contrato coa clínica de fisioterapia que data de novembro de 2023 **(Anexo 6 : Contrato AMERGUIN)**.

Axúntanse as facturas dos últimos 3 meses da clínica de fisioterapia ,onde se reflexan as sesións grupais dentro dos servizos básicos da residencia e a súa vez as sesións individuais que son solicitadas como servizos complementarios polo propios usuarios. **(Anexo 7: Facturas AMERGUIN e xustificantes de pago)**. Coma se pode comprobar polas datas de pago das facturas de xaneiro e febreiro, que se fan a día 20 do mes seguinte, a factura de marzo se pagará con data 20 de abril, e polo tanto aínda non está dispoñible.

- En canto ao funcionamento:

Remítese a valoración de Escala Barthel actualizada e que foi cotexada tras conversación coa inspección en base aos datos do SIGAAD aportados pola mesma. **(Anexo 8: Escala Barthel actualizada)**

Refléxanse os datos Barthel indicados en acta, estando igualmente indicados na mesma escala Barthel anexada.

NOME	DNI	BARTHEL Actual	PUNTUACION BARTHEL
BMLAM	*****841E	20/01/2025	0
FAV	*****221T	14/02/2025	GRADO I
MFGF	*****328L	17/06/2024	5
RHC	*****352H	29/02/2025	5
CIC	*****356A	11/07/2024	85
MID	*****702F	13/02/2025	50
JAIS	*****044K	02/03/2025	45
CJB	*****087D	03/03/2025	GRADO III
SMS	*****030A	17/01/2025	GRADO II
OPS	*****385Q	14/02/2025	GRADO III
MvdeM	*****602L	31/01/2025	70
DSVCh	*****294N	03/03/2025	GRADO I

Fdo: [Redacted Signature]

Directora.



Acta nº A-329/2025
Data 03/04/2025
Nº exp.: BSO00A 2025/687

Acta de inspección de servizos sociais

Entidade titular RAIOLA SAPM SL

Representante legal

Entidade xestora A MESMA

Representante legal O MESMO

Centro/programa inspeccionado RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES RAIOLA SAN MARCOS

Enderezo COSTA DE SAN MARCOS,24

Tlfno. 981519173

Código Postal 15820 Concello SANTIAGO DE COMPOSTELA

Provincia A CORUÑA

Entidade/ centro nº E-7008 C-3 Tipoloxía RESIDENCIA

Prazas autorizadas 110

Persoal inspector: PS15770007

Resultado do actuado:

EN CANTO ÁS INSTALACIÓNS E O EQUIPAMENTO:

1.- O estado de conservación e mantemento das instalacións e do equipamento do centro non é adecuado, toda vez que se constata que:

- Na planta de vestiarios e cara a cociña a pintura do chan está levantada en varios sitios, presentando esconchados. Deberán proceder ao seu arranxo.

Tendo en conta que o artigo 6. g) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, obriga ás entidades prestadoras de servizos sociais a "velar polo bo estado xeral de conservación dos equipamentos e instalacións onde se presten servizos", **requírese que a**



maior brevidade realicen as obras necesarias para manter un bo estado de conservación das instalacións e o equipamento.

EN CANTO AO PERSOAL:

1.- De acordo co disposto na Orde do 4 de decembro de 2024, pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores (DOG núm. 240, do 13 de decembro de 2024) e tendo en conta a ocupación actual, correspóndelles unha rateo de persoal enfermeiro/a a xornada completa de **2,68 traballadores/as a xornada completa (32*0,02 + 68*0,03).**

Da documentación achegada o día da inspección e logo da revisión do ITA, constátase que o centro **contra cunha rateo de persoal enfermeiro/a a xornada completa de 2,60.** Para o cálculo desta ratio tívose en conta ao seguinte persoal.

NOME	DNI	FUNCIÓN	XORN H/SEM	RATIO
AGR	*****122G	Ats/due	24,00	0,60
MdelCJL	*****031X	Ats/due	40,00	1,00
OFL	*****204C	Ats/due	40,00	1,00
TOTAL				2,60

De acordo co exposto, o centro **NON CUMPRE** a rateo mínima de persoal enfermeiro/a establecida na normativa de aplicación.

Deberán acreditar que contan con persoal ATS/DUE as 24 horas do día, e advírtese que, de conformidade co artigo artigo 81.g) da Lei 13/2008 considérase infracción grave en materia de servizos sociais: "non contar co persoal suficiente e/ou coa titulación esixida, de acordo co tipo de actividades e número de persoas atendido no centro, servizo ou programa".

2.- Da revisión do ITA (informe de traballadores en alta nunha conta de cotización, emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social) constátase que os traballadores AGR (*****122G), que consta na relación de persoal como ATS/DUE e ACF (*****080Y) que consta como fisioterapeuta, non están dados de alta no réxime xeral de Seguridad Social. Deberán achegar copia do contrato mercantil e das facturas e xustificantes de pago dos últimos tres meses.



EN CANTO AO FUNCIONAMENTO:

1.- O día da visita de inspección, constátase que as persoas usuarias que de seguido se relacionan non contan coas valoracións na escala Barthel actualizada.

NOME	DNI	DATA INGRESO	BARTHEL	ULTIMO BARTHEL
BMLAM	*****841E	18/01/23	60	03/04/24
FAV	*****221T	15/02/24	50	16/02/24
MFGF	*****328L	05/06/23	5	18/03/24
RHC	*****352H	28/02/24	5	29/02/24
CIC	*****356A	11/07/23	75	10/10/23
MID	*****702F	12/02/24	50	13/02/24
JAIS	*****044K	07/03/24	25	07/03/24
CJB	*****087D	04/03/24	5	04/03/24
SMS	*****030A	14/01/23	85	18/03/24
OPS	*****385Q	16/02/24	60	16/02/24
MvdeM	*****602L	23/01/23	60	18/03/24
DSVCh	*****294N	08/03/24	5	08/03/24

Lémbbraselle que todas as persoas usuarias deben contar desde o seu ingreso con esta valoración que será realizada por persoal médico, fisioterapeuta ou terapeuta ocupacional e actualizada cunha periodicidade mínima anual e sempre que se produza algún cambio significativo na situación das persoas usuarias. Requírese que acheguen a este servizo de inspección as valoracións actualizadas das persoas usuarias citadas.

En relación cos dous apartados anteriores, advérteselles que, de conformidade co artigo artigo 81.F) da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia considérase infracción grave en materia de servizos sociais: “Desatender as necesidades básicas de atención ou de avaliación e o seguimento das persoas usuarias, de acordo cos requirimentos do seu plan individual de atención”.

Requírese para que no prazo de dez días se leven a cabo as actuacións precisas para emendar os incumprimentos constatados e acreditar documentalmente a súa emenda.

A contestación a este requirimento debe presentarse de forma electrónica, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.



A presentación pódese facer no Rexistro Electrónico Xeral dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, mediante o procedemento PR004A - [Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado](#). A contestación debe dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O código de identificación da unidade que tramita o expediente é **A12X01287**.

Infórmase de que non atender deste requirimento pode ser considerado obstrución ao labor inspector, tipificado como infracción grave en materia de servizos sociais, de acordo co disposto no artigo 81 k) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Unha vez realizada a inspección, iniciada ás 9:50 horas e rematada ás 12:35 horas, redactase este acta e remitimos copia.

A Inspectora

